



INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS. Circular de fin de curso

Ante a proximidade do fin de curso 23-24, infórmase aos pais e nais do alumnado deste Centro das seguintes cuestións:

1. Asistencia do alumnado

O alumnado asistirá ao centro ata o próximo 21 de xuño, inclusive, en horario habitual de 9 a 14h.

2. Entrega de boletins de cualificacións en papel. Publicación en Abalarmóbil.

Os titores entregarán os boletins de cualificación en papel **o mércores 26 de xuño de 9 a 14h**. Tamén se publicarán en Abalarmóbil, como é habitual.

As titoras de 6º E. Primaria tamén entregarán o **Historial Académico de etapa** dos seus fillos/as, asinando o recibín correspondente.

Se algún proxenitor/a non pode acudir persoalmente a retirar as cualificacións do seu fillo/a poderá autorizar a un terceiro mediante o modelo oficial que deberán solicitar ao seu titor/a.

3. Libros de texto.

A listaxe de libros de texto para o curso escolar 2024-25 estará exposto no taboleiro de anuncios do Colexio e na páxina web desde o día 15 de xuño.

Os libros de texto do Fondo Solidario (3º e 4º de Primaria) deste curso 2023/2024 serán devoltos antes do 18 de xuño.

O alumnado de 3º e 4º recibirá libros do fondo solidario en función dos exemplares dispoñibles e en función da renda familiar. Publicarase unha listaxe provisional cos libros asignados o **28 de xuño**, no taboleiro de anuncios do interior do centro. Haberá dous días para posibles reclamacións. **A listaxe definitiva publicarase o día 3 de xullo.**

Os libros do fondo (de 3º e 4º) débense solicitar entregando Anexo I e II en Secretaría e repartiranse o primeiro día de clase.

4. Axudas de libros e material escolar.

Os **cheques das axudas de libros (1º e 2º) e material escolar (1º a 6º)** repartiranse na Secretaría do centro os días **3, 4 e 5 de xullo de 9 a 12h**.

5. Comezo do próximo curso escolar.

As clases darán comezo o mércores **11 de setembro**, en horario de 9:00 a 14:00h.

O Centro estará aberto a efectos administrativos a partir do día 1 de setembro. Ata o día 10 de setembro o horario de secretaria será o habitual, de 9 a 9:50 h

6. Modificación da opción relixiosa.

As familias que desexen modificar a matrícula na área optativa elexida poderán facelo na Secretaría do Centro desde o **20 ao 30 de xuño ou 1 ao 15 de setembro**.

7. Trámites administrativos no mes de xullo.

As posibles solicitudes de trámites administrativos deberán solicitarse ao correo: ceip.anxo.dagarda@edu.xunta.gal

Aproveitamos para desexarlles unhas boas vacacións.

A Coruña, 14 de xuño de 2024.

A Dirección.